



D. Antonio Veiga Outeiro,

Vicepresidente da Deputación de Lugo e no seu nome

D. Mario Outeiro Iglesias,

Deputado Delegado da Área de Cultura e Turismo

teñen o pracer de convidalo/a ao acto

Os anos lugueses de Ben-Cho-Shey

que terá lugar o vindeiro xoves, 28 de xuño de 2012,

ás 20 horas, no Museo Provincial de Lugo

de acordo co seguinte programa:

- Introducción musical, por Antón Castro
- Intervención de Mario Outeiro Iglesias, deputado de Cultura e Turismo
- Intervención de Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, coordinador do *Ano Ben-Cho-Shey*
- *Lugo na cámara de Ben-Cho-Shey*, presentación de fotografías
- Lectura dramatizada de textos do «Diario de Lugo» de Ben-Cho-Shey, por Tereixa Campo e Paloma Lugilde
- Peche musical, por Antón Castro

Praza da Soidade s/n

Tel. 982 242 112

www.museolugo.org / difusion@museolugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

Campaña do Estatuto, 1936. ►
Mitin na praza Maior de Lugo



Os anos lugueses de Ben-Cho-Shey



Ben-Cho-Shey, en 1970, asinando o seu libro *Catón galego*

Hai 76 anos, o 28 de xuño de 1936, vinte días antes do alzamento militar fascista, celebrouse o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galiza. Na campaña do Estatuto en Lugo participa moi activamente un home que reside nesta cidade por motivos profesionais dende comezos do ano 35: Xosé Ramón e Fernández-Oxea, coñecido como Ben-Cho-Shey, pseudónimo que adoptara para asinar as súas crónicas da guerra de Marrocos publicadas no xornal *La Zarpa* en 1922. Ben-Cho-Shey é elixido pouco despois da súa chegada a Lugo presidente do Partido Galeguista. No exercicio do seu cargo político desenvolve, nesta cidade e por toda a provincia, un inxente labor na organización interna do partido e na difusión do seu ideario: é candidato por Lugo nas eleccións ás Cortes republicanas do ano 1936 e traballa infatigablemente na campaña do Estatuto ao fronte dun xa nutrido e entusiasta grupo de mozos da agrupación galeguista de Lugo, con sede na rúa do Miño, no que están entre outros moitos: Ánxel Fole —secretario local do partido—, Ramón Piñeiro, Lorenzo Varela, Servando de la Vallina, Antón Figueroa, Pepe Pimentel, Teolindo Corredoira...

Cando é destinado a Lugo como inspector de Primeira Ensinanza, despois de exercer o maxisterio en Cariño e Santa Marta de Moreiras, Fernández-Oxea xa desenvolvera un frutífero e moi amplo labor cultural, plasmado fundamentalmente na súa activa participación nas Irmandades da Fala e no Seminario de Estudos Galegos e xa tiña adquirido tamén un sólido prestixio intelectual coa publicación de numerosos estudos e artigos sobre os máis variados temas (creación literaria, historia, arte, arqueoloxía, etnografía, lingüística, política...) en xornais e revistas como: *La Zarpa*, *Galicía*, *La Voz de Ortigueira*, *Vida Gallega*, *Heraldo de Madrid*, *La Región*, *Faro de Vigo*, *A Nosa Terra*, *Céltiga*, *A Fouce*... Tamén viaxara por Europa despois de obter unha bolsa das catro deputacións galegas, outorgada para completar a súa formación pedagóxica.

Os sucesos de xullo do 36 collen a Ben-Cho-Shey en Lugo e, neses funestos días, deixa escrito nun diario as súas vivencias daqueles momentos tráxicos nos que a súa vida corre un serio perigo. Nas páxinas dese diario inédito narra cunha lucidez extraordinaria os sucesos que se viven na cidade e as noticias que



Lois Peña Novo no mitin de Lugo, 1936

lle van chegando dende outros lugares de Galiza, algunhas tan terribles como os asasinatos de Bóveda e Díaz Baliño ou outros acontecementos, como a desafección dalgúns «irmáns» na causa, que producen nel, un home en extremo bondadoso e tranquilo, sentimentos de profunda indignación e carraxe: «...por eso ten menos espricación esta barbarie feixista, iste terror feroz que se desencadena sobre a nosa desdichada terra. Dende que estas bestas se apoderaron violentamente do mando comenzo o imperio da inxustiza, do horror, do desbaraxuste, do latrocinio e de toda-las calamidás imaxinables».

De Lugo sairá no verán de 1937, vai facer agora setenta e cinco anos, cara ao desterro a terras de Extremadura, despois de ser suspendido de emprego e soldo e de deixar precipitadamente os mobles do seu domicilio de Lugo na casa do seu amigo Uxío Campo no Val do Mao. Nos anos corenta participa activamente na reorganización do Partido Galeguista, no que militará ata a súa liquidación. Instalado definitivamente en Madrid segue a desenvolver un intenso labor cultural e ideolóxico, naqueles tempos sombríos, promovendo centos de iniciativas, nomeadamente



Pancarta na fachada do Concello de Lugo, 1936

en defensa da lingua galega, a través do Club de Amigos da Unesco, o Centro Galego e en contacto directo cos mozos nacionalistas dos Grupos Castelao e Brais Pinto, dos que se pode considerar o seu verdadeiro mentor.

A figura extraordinaria de Ben-Cho-Shey non foi aínda recoñecida en toda a súa dimensión. Sirvan as palabras certas de Xosé María Álvarez Blázquez para situármolos: «Ben-Cho-Shey é o galego máis galego que teño coñecido. Atesoura a xenerosidade dun Otero Pedrayo, o entusiasmo dun P. Sarmiento, a sabencia folklórica dun Risco, o patriotismo dun Castelao. Se houbera que facer un desfile de galeguismo, Ben-Cho-Shey sería o abandeirado».

